


# MARCO LEGAL DA AVALIACIÓN



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Xefatura Territorial de Pontevedra  
Servizo Territorial de Inspección Educativa

**MANUEL TORRES VIZCAYA**  
**INSPECTOR DE EDUCACIÓN**  
**XEFE DO SERVIZO TERRITORIAL DE INSPECCIÓN**  
**EDUCATIVA. PONTEVEDRA**

# *O TODO É MAIOR QUE A SUMA DAS PARTES*



# PRINCIPIOS E FINS DA EDUCACIÓN

**LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN (BOE, 04/05/06). MODIFICADA POLA LEI ORGÁNICA 8/2013, DE 9 DE DECEMBRO (BOE, 10/12/13).**

**Artigo 1. *Principios.* (texto 2006)**

**ñ) A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados**



# PRÉAMBULO LOMCE

Problemas detectados sistema educativo



Resultados das avaliacións periódicas internacionais




## Obxectivos

- Desenvolvemento de **sistemas de avaliación externa** censuais
- Incremento da **transparencia dos resultados**
- Promoción dunha maior **autonomía e especialización** nos centros
- Exixencia a estudantes, profesores e centros da **rendición de contas**
- **Incentivo do esforzo**




# MARCO LEXISLATIVO

- ❑ LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN (BOE, 04/05/2006). MODIFICADA POLA LEI ORGÁNICA 8/2013, DE 9 DE DECEMBRO (BOE, 10/12/2013).
  - ❑ Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria (BOE01/03/2014)
  - ❑ **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09/09/2014).**
  - ❑ **Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/06/2016).**
  - ❑ Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE 29/01/2015).
  - ❑ **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/06/2015).**
  - ❑ Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato (BOE 03/01/2015).
  - ❑ Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en ESO y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (BOE 03/06/2017).
  - ❑ **Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato de Galicia (DOG 08/09/2017).**
- 

# **DECRETO 105/2014, DO 4 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EP EN GALICIA (DOG 09/09/2014).**

## **Artigo 4. Currículo**


1. Enténdese por **currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe** para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.
2. O **currículo está integrado** por: os obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, e a metodoloxía didáctica.
3. Para os efectos deste decreto enténdese por:
  - a) **Obxectivos**: os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
  - b) **Competencias**: **as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.**
  - c) **Contidos**: o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.
  - d) **Criterios de avaliación**: **o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado.** Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que **se pretende conseguir en cada disciplina.**
  - e) **Estándares de aprendizaxe avaliábeis**: **especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe** e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser **observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.** Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
  - f) **Metodoloxía didáctica**: o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.



Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.14. Visión aristotélica do que-facer científico.</li> </ul>	identificando as problemáticas e as solucións propostas, distinguindo as teses principais e a orde da argumentación, relacionar os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e razoar a postura propia.	Chalmers ou J. C. Borrón, entre outros.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.15. Relación entre filosofía e ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Entender e valorar a relación entre a filosofía e a ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.7.1. Identifica e reflexiona de forma argumentada acerca de problemas comúns aos campos filosófico e científico, como son o problema dos límites e as posibilidades do coñecemento, a cuestión da obxectividade e a verdade, a racionalidade tecnolóxica, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.7.2. Investiga e selecciona información en internet, procedente de fontes solventes, sobre as problemáticas citadas, e realiza un proxecto de grupo sobre algunha temática que afonde na interrelación entre a filosofía e a ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>Bloque 4. A realidade</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Recoñecer e valorar a metafísica, disciplina que estuda a realidade en tanto que totalidade, distinguíndoa das ciencias, que versan sobre aspectos particulares desta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.1. Coñece o que é a metafísica e usa a abstracción para comprender os seus contidos e a súa actividade, razoando sobre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>



# SENTIDO DA APRENDIZAXE



**PERFIL**

**MATERIA/ÁREA**

**COMPETENCIA**

conxunto de estándares de aprendizaxe avaliados dunha materia

conxunto de estándares de aprendizaxe avaliados das diferentes materias que se relacionan cunha mesma competencia

actividades de aprendizaxe integradas

avaliación do aprendizaxe



# CAMBIOS NA AVALIACIÓN

**A avaliación como requisito para a mellora**

**Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, referentes da avaliación**

**Instrumentos de avaliación**

**Criterios de promoción**

**Avaliacións individualizadas de final de etapa**



# AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INTEGRADORA



MELLORAR OS RESULTADOS



TRANSPARENCIA – RENDICIÓN DE CONTAS  
(comunicación familias; 12.6 Decreto)



AVALIACIÓN COMÚN E UNIFORME

**AVALIACIÓN**

REFERENTES

CRITERIOS DE  
AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE  
APRENDIZAJE

CONTINUA E  
GLOBAL

CONJUNTO DAS  
ÁREAS


ACADAR  
OBJECTIVOS

MEDIDAS DE  
REFORZO

GRAO DE  
ADQUISICIÓN DE  
COMPETENCIAS

## Avaliación das competencias clave

- ❖ Tanto na avaliación continua nos diferentes cursos como nas avaliacións finais nas diferentes etapas educativas deberase ter en conta o **grao de dominio das competencias a través de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos** que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.
- ❖ Para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, **estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas** que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.
- ❖ Débense establecer as **relacións dos estándares de aprendizaxe avaliábeis coas competencias a que contribúen**, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competenciais alcanzados polo alumnado.
- ❖ A avaliación do **grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos**, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.



## Avaliación das competencias clave

- ❖ **Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación.** Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.
- ❖ O profesorado establecerá as **medidas** que sexan necesarias para garantir que a avaliación do grao de dominio das competencias do **alumnado con discapacidade** se realice de acordo cos principios de non discriminación e accesibilidade e deseño universal.
- ❖ O profesorado debe utilizar **procedementos de avaliación variados** para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación
- ❖ Así mesmo, é enecesarío **incorporar estratexias** que permitan a **participación do alumnado na avaliación** dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros nas actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ❖ En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán **a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.**



# ORDE DO 9 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE REGULA A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

## Exposición de motivos

A avaliación considérase integrada no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula e do centro docente, converténdose nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción das medidas de atención á diversidade.



**AVALIACIÓN**

**PROGRESO DO  
ALUMNO**

**MELLORA  
CONTINUA  
PROCESO  
EDUCATIVO**

**ATENCIÓN Á  
DIVERSIDADE**

**PROFESORADO**

**CENTRO**


**TOMA DE DECISIONS**



ORDE DO 9 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE REGULA A **AVALIACIÓN** E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO QUE CURSA **EDUCACIÓN PRIMARIA**.

**ART. 2. CARÁCTER DA AVALIACIÓN**

- 2. A **avaliación** dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua e global**, e terá en conta o seu progreso no **conxunto das áreas** e na adquisición das **competencias clave**.
- 3. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os **procesos de ensinanza** e a súa propia **práctica docente**, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.



### **ART. 3. REFERENTES DA AVALIACIÓN**

- 1. Os **referentes** para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os **criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe** do Decreto 105/2014, do 4 de setembro.
- 2. A **avaliación das competencias clave** está integrada na **avaliación dos procesos de aprendizaxe** do alumnado.
- 3. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o **perfil** desa **competencia** .



## **ART. 4. *SESIÓNS DE AVALIACIÓN***

- As sesións de avaliación poderán contar co asesoramento do departamento de orientación.
- Ao longo de cada un dos cursos realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora, quen levantará unha **acta** en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os **acordos adoptados** en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.



## **ART. 5. CUALIFICACIÓN E MENCIÓN HONORÍFICA**

- Resultado da avaliación das áreas en 5 termos  
IN (1, 2, 3, 4), SU (5), BE (6), NT (7, 8), SB (9, 10)
- A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.
- Os resultados da **avaliación das competencias clave** reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)».
- Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha **mención honorífica** aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.
- A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.




## ***ART. 6 PROMOCIÓN DE CURSO E DE ETAPA***

- ❖ **O alumno ou a alumna accederá ao curso ou etapa seguinte se logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.**
- ❖ **A decisión será colexiada, tendo en conta os criterios de promoción ...**
- ❖ **O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio**
- ❖ **Repetición tras esgotar as medidas de reforzo e apoio.**
- ❖ **Quen promocióne con áreas con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.**



## **ART.7. AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NEAE**

- 1. A avaliación do **alumnado con NEAE** tomará como referente os criterios de **avaliación e os estándares de aprendizaxe** fixados con **carácter xeral**, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación.
- 2. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os **criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe** serán os establecidos na dita **adaptación**



## **ART. 8. AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE**

- ❖ **En cada sesión de avaliación** o profesorado avaliará os **procesos de ensinanza** e a súa **práctica docente** en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Dita **avaliación incluirá**, cando menos, os seguintes aspectos:
  - [?] Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.**
  - [?] Grao de desenvolvemento das programacións docentes**, adecuación ao alumnado de cada un dos apartados das mesmas e **eficiencia das medidas curriculares e organizativas.**
  - [?] Medidas de atención á diversidade aplicadas.**
  - [?] Clima de traballo na aula.**
  - [?] Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.**
  
- ❖ **As conclusións poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada curso.**



## **ART. 9. OBXECTIVIDADE DA AVALIACIÓN**

- Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros, ao inicio do curso, adoptarán as medidas precisas para **informar** o alumnado e as familias acerca dos **contidos e dos criterios de avaliación, dos estándares de aprendizaxe, das estratexias e dos instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación e promoción.**




# AVALIACIÓNS FINAIS DE ETAPA

O Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no seu artigo 1 modifica a disposición derradeira quinta da citada lei e no artigo 2 adecua o réxime xurídico da avaliación final de educación secundaria obrigatoria e primaria ao novo calendario de implantación, establecendo que ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, **as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e primaria** recollidas no artigo 29 e 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, **non terán efectos académicos, serán consideradas mostrais e terán finalidade diagnóstica.**



**DECRETO 105/2014, DO 4 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECE  
O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA EN GALICIA.**

Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o **terceiro curso de educación primaria**, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.




# AVALIACIÓN ESO

*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o **currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.***

## *Avaliacións (art. 21)*

- Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa serán os **criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe**.
- No proceso de avaliación continua, cando o **progreso** dun alumno ou unha alumna **non sexa o adecuado**, estableceranse **medidas de reforzo educativo**.
- A avaliación do **proceso de aprendizaxe** do alumnado deberá ser **integradora**, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente.
- Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para **facen públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción**.



## **Promoción (art. 23)**

- As **decisións sobre a promoción** serán adoptadas de **xeito colexiado** polo conxunto de profesores e profesoras, atendendo ao logro dos **obxectivos da etapa** e ao grao de adquisición das **competencias** correspondentes.
- A **repetición** considerárase unha medida de **carácter excepcional** e tomarase tras **esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio** para superar as dificultades de aprendizaxe.
- Terán promoción de curso no caso de **superaren todas as materias** cursadas ou teren **avaliación negativa en dúas materias como máximo**, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os **programas de reforzo** que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta medida deberá ir acompañada dun **plan específico personalizado**, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.
- Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un **consello orientador**, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta




**Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan **instrucións** para o desenvolvemento, no **curso académico 2017/18**, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da **educación secundaria obrigatoria e do bacharelato**.**

**Art. 12. *Título de graduado en educación secundaria obrigatoria***

- O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con **avaliación negativa** nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten **acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes**.
- Os alumnos e as alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que na avaliación final do ciclo formativo o equipo docente considere que teñen acadados os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes.


**Art. 14. *Avaliación das competencias clave***

- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave.
- Os resultados reflectiranse no consello orientador, expresándose nos termos de: insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.



# NIVEL CONCRECIÓN

1. LOMCE
2. Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
3. Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE 29/01/2015).
4. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09/09/2014)
5. Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa EP en Galicia (DOG 10/06/2016).



# **Autonomía dos centros docentes. Decreto 105/2014 (art.6)**

- ❖ Os centros docentes desenvolverán e **completarán**, de ser o caso, o **currículo e as medidas de atención á diversidade**, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, co fin de atender a todo o alumnado.
- ❖ O proxecto educativo do centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a **concreción dos currículos** establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas da educación en valores e outras ensinanzas.




# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

- ❖ Recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación.
- ❖ Incorporará a concreción dos currículos así como o tratamento transversal nas áreas da educación en valores e outras ensinanzas.

## Elementos integrantes:

- ✓ Concreción curricular
- ✓ Proxecto lingüístico
- ✓ Proxecto lector de centro
- ✓ O plan xeral de atención á diversidade
- ✓ Plan de convivencia
- ✓ Plan de integración das TIC
- ✓ Normas de organización e funcionamento (NOF/RRI)



# ASPECTOS DE DECISIÓN DO CENTRO

## AUTONOMÍA PEDAGÓGICA

1.- CLAUSTRO PROFESORES

2.- Profesores mesmo curso/etapa...

### — CONCRECIÓN CURRICULAR



#### Elementos

#### **Adaptación**

- ❖ Obxectivos de etapa
- ❖ Obxectivos das áreas
- ❖ Contidos
- ❖ Criterios de avaliación
- ❖ Estándares de aprendizaxe

#### **Proposta**

- ❖ Secuenciación de contidos
- ❖ Relación elementos currículo
- ❖ Método ensinanza
- ❖ Actividades e tarefas alumnos
- ❖ Instrumentos e procedementos avaliación



## — PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- – Identificación e valoración das necesidades.
- – Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
- – Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
- – Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
- – Canles de colaboración coas nais/pais/titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos.
- – Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
- – Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

## — PROGRAMAS DE REFORZO ----- PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO

## — PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO



# PROMOCIÓN

**ADQUISICIÓN COMPETENCIAS**



**UNHA REPETICIÓN**



**MEDIDA EXCEPCIONAL ESGOTADAS AS  
MEDIDAS ORDINARIAS**



**PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO**



NON PROGRESO

—→ MEDIDAS REFORZO



ADQUISICIÓN COMPETENCIAS *IMPRESINDIBLES*



PLANS DE MELLORA



MEDIDAS

ORDINARIAS ↙

EXTRAORDINARIAS ↘



# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO

**DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato**

➤ Art. 8. *Principios xerais*

- A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos **principios de educación común e de atención á diversidade** do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

➤ Art. 11. *Principios metodolóxicos*

- Os centros docentes elaborarán as súas **propostas pedagóxicas** para esta etapa desde a consideración da **atención á diversidade** e do acceso de todo o alumnado á educación común.
- Así mesmo, arbitrarán **métodos** que teñan en conta os **diferentes ritmos de aprendizaxe**, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo.. unha **atención personalizada** en función das necesidades de cadaquén. Os **mecanismos de reforzo**, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares



# PROFESORADO DE PT E AL


- ❖ Medida extraordinaria, cuxa principal misión é atender ao alumnado NEE.
- ❖ A súa intervención debe realizarse por proposta da xefe do DOE, realizada á Xefatura de Estudos (Orde do 27 de decembro de 2002 necesidades educativas especiais (DOG 30/01/2003).
- ❖ **Principais función:**
  - A intervención desenvolverase **de xeito habitual dentro da aula, non podendo estar fóra máis de 1/3 da xornada escolar.**
  - Asesorar e coordinar ao resto do equipo docente.
  - Orientar ao profesorado que imparte docencia ao ANEAE, ao propio alumnado, ás súas familias e a comunidade educativa en xeral.
  - Colaborar co profesorado na elaboración das ACS, así coma no seu seguimento e avaliación.
  - Elaborar propostas para o plan de orientación académica, plan de acción tutorial e plan de atención á diversidade.
  - Participar na avaliación psicopedagóxica e medidas de atención á diversidade, valorando as necesidades educativas e desenvolvendo programas de intervención



# DIVERSIDADE



METODOLOGÍA



*ANEAE*

“XERAL”



PROPOSTA PEDAGÓGICA CENTRO



MECANISMOS DE REFORZO



MEDIDAS



ORGANIZATIVAS E CURRICULARES



**INCLUSIÓN**



**Grazas pola atención**

**Manuel Torres Vizcaya**

**Inspector xefe**

**Pontevedra**

